

## 1.4. ■ ■ sector exterior

■ Este capítulo, dedicado á análise do sector exterior da comunidade galega no ano 2002, está estruturado en tres grandes bloques. No primeiro deles, analízase a evolución das exportacións e importacións de bens e servicios dende o punto de vista sectorial, por capítulos arancelarios e segundo a súa distribución xeográfica. Na parte final do mesmo, faise referencia ás relacións comerciais entre Galicia e o norte de Portugal. Posteriormente, estúdase a situación do investimento galego no estranxeiro –en qué sectores e en qué países–, e finalmente, preséntanse os resultados para o ano 2002 do Plan de Fomento das Exportacións Galegas.

Para o desenvolvemento do mesmo teremos en conta os datos facilitados polo Instituto de Comercio Exterior (ICEX), o IGE, o Registro de Inversiones Españolas en el Exterior e Foexga.

Ó longo do ano 2002, ó igual que acontece no contexto español, o comercio exterior galego presentou un lixeiro descenso, rexistrándose unha caída do 0,4% fronte ós 0,9% rexistrado polo comercio exterior de España. No que respecta á actividade exportadora, o valor das exportacións

galegas no ano 2002 foi de 9.946 millóns de euros, un 2,5% superior ó rexistrado no ano precedente (descende un 0,9% no conxunto do Estado). O valor das importacións acadou os 9.107 millóns de euros, o que implica unha caída do 3,3% respecto o valor do ano anterior (-0,9% en España).

Polo tanto a balanza comercial galega presentou en 2002 un saldo positivo de 389 millóns de euros, fronte ó déficit de 152 millóns de euros rexistrado no ano anterior.

A taxa de cobertura, recollida nos **cadros 1.4.1. e 1.4.2.**, foi do 104,3% (en 2001 foi do 98,4%), vintecatro puntos por riba da experimentada por España, que foi do 75,7% (no 2001 era do 74,9%). Comparado co resto das comunidades autónomas, en 2002 Galicia é a oitava comunidade con maior taxa de cobertura.

No estudio do sector exterior galego, apréciase unha forte **concentración e especialización** da actividade comercial. Por unha banda, a provincia de Pontevedra acapara o 63,2% do comercio exterior da comunidade; por outra, a Unión

CADRO 1.4.1.

Taxas de cobertura do comercio exterior 2001-02

	2001	2002
	(%)	
OCDE	102,9	103,8
UE-15	102,4	105,2
Estados Unidos	61,8	57,7
Xapón	116,0	123,5
<b>Galicia</b>	<b>98,4</b>	<b>104,3</b>
España	74,9	75,7

Fonte: INE e ICEX

CADRO 1.4.2.

Taxas de cobertura e grado de apertura do comercio exterior das CC.AA. 2001-02

	Taxas de cobertura		Grado de apertura	
	2001	2002	2001	2002
	(%)			
Andalucía	84,8	93,1	25,2	22,1
Aragón	102,9	105,1	52,9	50,4
Asturias	76,8	84,0	24,9	25,4
Baleares	65,7	69,9	16,6	17,1
Canarias	22,5	22,6	17,1	14,3
Cantabria	91,9	105,5	37,4	33,3
Castela-A Mancha	53,5	56,3	25,8	25,0
Castela-León	101,6	100,8	44,4	40,1
Cataluña	72,3	70,3	72,1	67,9
Comunidade Valenciana	117,4	120,8	46,2	45,0
Estremadura	204,4	184,3	10,6	10,5
<b>Galicia</b>	<b>98,4</b>	<b>104,3</b>	<b>53,7</b>	<b>50,5</b>
A Coruña	62,0	59,0		
Lugo	78,2	68,9		
Ourense	201,0	218,4		
Pontevedra	117,6	135,0		
Madrid	34,3	34,3	49,5	46,5
Murcia	81,4	80,6	51,1	50,7
Navarra	110,4	109,4	75,0	71,6
País Vasco	112,8	112,2	51,0	48,4
A Rioxa	126,6	130,4	30,5	29,7
<b>Total</b>	<b>74,9</b>	<b>75,7</b>	<b>46,5</b>	<b>43,8</b>

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE, INE e da Dirección General de Aduanas

Europea (especialmente Francia e Portugal), segue a se-lo principal socio comercial, ó acollelo 80,6% das exportacións galegas e o 60,5% das importacións.

Atendendo ós produtos comercializados, tamén se constata a devandita especialización do sector exterior. Así, un só capítulo arancelario, o capítulo 87 (vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, partes e accesorios), representa o 27,8% e o 50,2% do total das importacións e exportacións galegas, respectivamente. O peso relativo dos 10 primeiros capítulos de importación e exportación sitúase no 80,8% do total das exportacións e no 78,1% no caso das importacións galegas no ano 2002.

En canto ó fluxo do **investimento galego no estranxeiro**, este acadou os 183,6 millóns de euros no ano 2002, (o 0,5% do total investido por España nese ano) dos que os países latinoamericanos reciben o 41,9% e a UE, un 36%. Asemade, pode salientarse que Galicia concentra a meirande parte do seu investimento no estranxeiro no subsector de “comercio”, que acolle o 82,5% do total investido (no conxunto do Estado representa o 3,8% do seu investimento).

### Comercio exterior

Trala ralentización do ritmo de crecemento do comercio exterior galego en 2001, o ano 2002 caracterízase pola lixeira caída da actividade

## Importacións 2002: distribución sectorial

	Importe	02/01	sector/total	G/E
	(en millóns de €)		(%)	
<b>Enerxéticos</b>	1.245,5	5,7	13,7	6,6
<b>Non enerxéticos</b>	7.860,4	-4,6	86,3	5,1
<b>Sector primario</b>	2.245,1	-3,2	24,7	8,6
<b>Productos agrícolas</b>	1.719,3	-3,7	18,9	9,4
<b>Materias primas</b>	525,8	-1,4	5,8	6,6
<b>Semimanufacturas</b>	1.315,2	16,4	14,4	3,5
<b>Industria química</b>	667,5	20,7	7,3	2,7
<b>Metais</b>	586,3	11,5	6,4	5,0
<b>Outras semimanufacturas</b>	61,4	19,6	0,7	3,4
<b>Manufacturas</b>	4.300,0	-10,3	47,2	4,8
<b>Bens de equipamento</b>	3.084,9	-15,0	33,9	4,6
<b>Maquinaria</b>	507,0	-2,6	5,6	1,4
<b>Materiais de transporte</b>	2.578,0	-17,1	28,3	8,3
<b>Bens de consumo</b>	1.215,1	4,5	13,3	5,5
<b>Peletería</b>	74,3	-4,4	0,8	4,9
<b>Téxtiles</b>	971,1	22,4	10,7	11,3
<b>Outros bens de consumo</b>	169,7	-41,8	1,9	1,4
<b>Total</b>	<b>9.105,8</b>	<b>-3,3</b>	<b>100</b>	<b>5,3</b>

Fonte: ICEX

comercial (suma de exportacións e importacións) en Galicia, cun 0,4% menos que en 2001. Isto prodúcese pola medra do 2,5% rexistrado no caso do valor total das exportacións galegas fronte a unha caída das importacións do 3,3%.

Esta evolución permitiu que en 2002 se rexistrara un **superávit** da balanza comercial galega, que se sitúa en 389 millóns de euros (fonte ICEX), cando en 2001 o saldo negativo ascendeu a 152 millóns de euros. A taxa de cobertura, **cadro 1.4.2.**, acada o 104,3% (en 2001 era do 98,4%), 28,6 puntos por riba da experimentada por España que foi do 75,7% (74,9% en 2001).

O grado de apertura da economía galega no ano 2002 –medido pola relación entre o valor total das exportación e importacións galegas (fonte:ICEX) e o produto interior a prezos de mercado– foi do 50,5%, sendo a cuarta comunidade con maior grado de apertura por detrás de Navarra (71,6%), Cataluña (67,9%) e Murcia (50,7%) (**cadro 1.4.2.**).

#### • Importacións

O **cadro C.1.5.** (*Importacións e exportacións de Galicia e España 2001-02*) amosa o diferente ritmo de crecemento das importacións galegas e españolas, así como o diferente peso relativo do valor das importacións das diferentes provincias galegas no total da comunidade. O

peso relativo das importacións galegas no total español acada o 5,30% no ano 2002 fronte ós 5,44% do ano anterior.

Pontevedra segue a se-la provincia importadora máis importante, acollendo, **gráfico C.1.2.** (*Importacións 2002: distribución provincial*), o 55,0% do valor total das importacións galegas, en tanto que Ourense e Lugo son as que teñen unha menor participación nos intercambios de Galicia co exterior ó representa-lo 2,0% e o 2,9%, respectivamente. Comparado co ano anterior, prodúcese un descenso do peso relativo das importacións pontevedresas no total galego (58,8% no ano 2001), ó contrario do que acontece no caso da provincia de A Coruña (pasa do 35,3% de 2001 ós 40,1% de 2002).

Centrándonos na **análise sectorial das importacións, cadro 1.4.3.**, o valor total das importacións de produtos non enerxéticos descendeu un 4,6% respecto ó ano 2001, sendo a súa importancia relativa no total galego de 86,3% e do 5,1% no caso estatal. As importacións de produtos enerxéticos rexistraron unha medra do 5,7%, sendo o seu peso relativo no total estatal do 6,6%.

A contía das importacións correspondentes ó **sector primario** presenta no ano 2002 unha caída do 3,2% respecto ó importe de 2001, estando este descenso explicado tanto pola evolución

dos productos agrícolas, que caen un 3,7% respecto ó ano anterior, como das materias primas, cunha taxa de crecemento de -1,4%. Representan o 24,7% do valor total das importacións galegas e o 8,6% das importacións españolas do sector, sendo a partida máis importante a de peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos (03), que representan o 13,6% do total de importacións galegas. Entre os dez primeiros capítulos galegos de importación para o ano 2002, tamén está o capítulo 44 (Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que representa o 3,0% do valor total das importacións galegas.

O subsector das **semimanufacturas**, **cadros 1.4.3. e C.1.6.** (*Importacións 2002: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia, Portugal e Mercosur*), presenta en 2002 un crecemento do 16,4% respecto ó ano anterior. Representa o 14,4% das importacións totais galegas e o 3,5% das importacións españolas deste subsector. Dentro do mesmo salienta o crecemento das importacións correspondentes á industria química (un 20,7%), atopando entre os dez primeiros capítulos de importación de Galicia o capítulo 72 (fundición, ferro e aceiro), que representa o 3,4% das importacións galegas.

No concernente á importación de **manufacturas**, que é o compoñente máis importante das importacións galegas (significan o 47,2% das mesmas), estas rexistran unha caída do 10,3% respecto ó ano 2001. O valor das importacións do subsector bens de consumo medrou un 4,5% mentres que o dos bens de equipamento se reduciu nun 15,0%.

Entre os capítulos de importación máis importantes pódese salientar o 87 (automóbil, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios), que segue a se-lo principal capítulo importador e supón o 27,8% das importacións galegas; as partidas incluídas dentro do sector téxtil, capítulos 61 e 62, que en conxunto acollen o 7,9% das importacións totais; e o 84 (reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparatos mecánicos, partes), que é a quinta partida importadora, co 4,0% das importacións galegas.

A **distribución xeográfica** das importa-

cións galegas no ano 2002 amosa, como é habitual, amosa unha maior concentración das mesmas na Unión Europea. Segundo os datos do ICEX, nese ano o 60,5% do valor total das importacións procede da UE (5.509 millóns de euros), en tanto que a segunda área xeográfica de procedencia das compras galegas é América do Sur, co 7,0% (638 millóns de euros), seguida de América central, co 4,9% (447 millóns de euros) (**cadro 1.4.5.**).

Atendendo á desagregación por capítulos das importacións galegas dos países da **Unión Europea**, as importacións de productos do capítulo 87 ascenden a 2.517,6 millóns de euros, o que representa o 45,7% das importacións procedentes desa área económica e un 99,4% das importacións correspondentes ó devandito capítulo (**Cadro C.1.6.** *Importacións 2002: principais capítulos e importacións da Unión Europea, Francia, Portugal e Mercosur*).

Na Unión Europea, o principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, é **Francia**. O valor total das importacións francesas ascende a 2.496,8 millóns de euros, o que supón o 27,4% do total das importacións galegas.

O principal capítulo arancelario é o correspondente á automoción (87) que, cun importe de 2.069,7 millóns de euros, supón o 82,9% do total do valor das súas importacións, e representa o 81,8% do total das importacións galegas englobadas neste capítulo. O segundo capítulo importador corresponde ó capítulo 72 (fundición, ferro e aceiro), cun importe de 59,5 millóns de euros, representando o 2,4% do total das importacións francesas e o 19,3% do valor das importacións galegas correspondentes ó devandito capítulo.

No caso das importacións galegas de **Portugal**, que representan o 10,8% do total das importacións galegas no ano 2002, as primeiras partidas corresponden ós capítulos 61 (de prendas e complementos de vestir, de punto), con 142,1 millóns de euros, 72 (fundición, ferro e aceiro), con 120,6 millóns de euros, e a de peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos (03), cun valor de 117,4 millóns de euros. No conxunto das importacións galegas de Portugal,

**CADRO 1.4.4.**
**Exportacións 2002: distribución sectorial**

	Importe	02/01	sector/total	G/E
	(en millóns de €)		(%)	
Enerxéticos	179,4	-18,6	1,9	5,8
Non enerxéticos	9.316,8	3,0	98,1	7,4
<b>Sector primario</b>	1.868,2	-2,3	19,7	8,2
Productos agrícolas	1.424,2	-5,0	15,0	7,9
Materias primas	444,1	7,5	4,7	9,2
<b>Semimanufacturas</b>	919,3	-9,3	9,7	3,0
Industria química	272,2	-13,2	2,9	1,5
Metais	294,6	-14,1	3,1	3,3
Outras semimanufacturas	352,5	-1,3	3,7	8,2
<b>Manufacturas</b>	6.529,3	6,7	68,8	9,1
<b>Bens de equipamento</b>	5.303,8	4,8	55,9	9,9
Maquinaria	326,8	0,9	3,4	1,6
Materiais de transporte	4.977,0	5,1	52,4	14,9
<b>Bens de consumo</b>	1.225,5	15,6	12,9	6,7
Peletería	61,6	1,1	0,6	5,2
Téxtiles	857,7	16,9	9,0	14,0
Outros bens de consumo	306,2	15,2	3,2	2,8
<b>Total</b>	<b>9.496,2</b>	<b>2,5</b>	<b>100</b>	<b>7,4</b>

Fonte: ICEX

**CADRO 1.4.5.**
**Importacións e exportacións 2001-02: distribución xeográfica segundo orixe e destino**

	2001	2002	02/01
	(en millóns de €)		(%)
<b>Importacións</b>			
Europa	6.328	6.079	-3,9
Unión Europea	5.894	5.509	-6,5
Europa Oriental	241	304	26,1
Países EFTA	94	127	35,1
Resto de Europa	99	139	40,4
África	811	885	9,1
América	1.641	1.474	-10,2
Asia	601	639	6,3
Oceanía	36	29	-19,4
Outros	-	-	-
<b>Total</b>	<b>9.417</b>	<b>9.106</b>	<b>-3,3</b>
<b>Exportacións</b>			
Europa	8.000	8.230	2,9
Unión Europea	7.672	7.650	-0,3
Europa Oriental	120	213	77,5
Países EFTA	124	112	-9,7
Resto de Europa	84	255	203,6
África	213	225	5,6
América	651	598	-8,1
Asia	319	367	15,0
Oceanía	4	5	25,0
Outros	79	71	-10,1
<b>Total</b>	<b>9.266</b>	<b>9.496</b>	<b>2,5</b>

Fonte: ICEX

estas partidas representan, respectivamente, o 14,4%, 12,2 % e 11,9%, respectivamente.

Finalmente, as importacións galegas dos países do **Mercosur** ascenden a 336,2 millóns de euros e representan o 3,7% do total das importacións galegas. Entre os capítulos arancelarios máis importantes salientan as importacións de produtos do capítulo 03, que supón un 53,1%

das importacións procedentes desa área económica e un 14,4% das importacións correspondentes ó devandito capítulo.

**• Exportacións**

No que á análise das exportacións se refire, no **cadro C.1.5. (Importacións e exportacións de Galicia e España 2001-02)** pódese aprecia-la

CADRO 1.4.6.

Importacións e exportacións de Galicia-Norte de Portugal. 1999-00 (1)

	Exportacións				Importacións			
	1999		2000		1999		2000	
	(en millóns de €)	(%/total)	(en millóns de €)	(%/total)	(en millóns de €)	(%/total)	(en millóns de €)	(%/total)
		99/98 (%)		00/99 (%)		99/98 (%)		00/99 (%)
Productos agrícolas, gandeiros e da pesca	194,7	31,4	210,8	30,4	53,5	12,2	75,6	14,5
Productos da industria alimentaria	46,3	7,5	43,8	6,3	4,9	1,1	10,1	1,9
Minerais e as súas manufacturas	41,4	6,7	49,7	7,2	22,1	5,1	24,2	4,6
Productos da industria química	43,4	7,0	46,8	6,8	24,8	5,7	30,4	5,8
Téxtil e confección	77,5	12,5	94,8	13,7	177,5	40,6	206,2	39,4
Madeira, pasta e papel	56,5	9,1	58,7	8,5	30,5	7,0	30,3	5,8
Metais e as súas manufacturas	54,8	8,9	73,8	10,7	59,4	13,6	59,6	11,4
Máquinas e aparellos	43,2	7,0	43,9	6,3	26,5	6,1	34,2	6,5
Material de transporte	40,6	6,6	45,0	6,5	30,3	6,9	43,4	8,3
Outras mercadorías	20,9	3,4	25,6	3,7	7,7	1,8	8,9	1,7
<b>Total</b>	<b>619,1</b>	<b>100</b>	<b>692,9</b>	<b>100</b>	<b>437,2</b>	<b>100</b>	<b>522,9</b>	<b>100</b>

(1) Os datos do ano 2000 son provisionais  
Fonte: IGE, Estatística de Intercambios Galicia-Norte de Portugal

evolución do sector exportador galego, que crece un 2,5% no ano 2002 respecto ó ano anterior, sendo o peso relativo das exportacións galegas no total español dun 7,4%, fronte ó 7,1% de 2001.

Ó igual que acontece coas importacións, existe unha maior concentración das exportacións galegas na provincia de Pontevedra, onde tras un crecemento do 3,8% respecto ó ano anterior, o seu peso relativo no total das exportacións galegas é do 71% (**gráfico C.1.3. Exportacións 2002: distribución sectorial**).

No conxunto das exportacións galegas, o sector enerxético representa o 1,9% das exportacións (o 5,8% das exportacións enerxéticas españolas) e as exportacións de produtos non enerxéticos, considerados no seu conxunto, representan o 98,1% das exportacións galegas (o 7,4% das exportacións españolas destes produtos).

Tal e como reflicten os **cadros 1.4.4. e C.1.7. (Exportacións 2002: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia, Portugal e Mercosur)**, o valor das exportacións correspondentes ó **sector primario** experimenta unha caída do 2,3%. Fronte o descenso do 5,0% das exportacións dos produtos agrícolas en 2002, a contía das exportacións das materias primas medrou 7,5%.

Entre os primeiros capítulos exportadores salienta-lo peso dos capítulos de produtos agrícolas 03 (peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos) e 16 (preparacións de carne, de peixe ou crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos) que representan, respectivamente, o 7,9% e o 3,1% das exportacións galegas. Tamén salienta, dentro das materias primas, o capítulo 44 (madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira), que representa o 2,2% das exportacións galegas.

O valor das exportacións das **semimanufacturas** caen un 9,3% no ano 2002, rexistrando os subsectores químico e de metais un descenso do 13,2% e 14,1%, respectivamente. Entre os 10 primeiros capítulos exportadores de Galicia atópase o 68 (manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas), que representa o 3,4% das exportacións galegas.

Fronte ó descenso do valor das exportacións dos produtos enerxéticos, dos produtos do sector primario e das semimanufacturas, o valor das exportacións de **manufacturas**, que acadou en 2002 os 6.529,3 millóns de euros, rexistrou unha medra do 6,7% respecto a 2001. Estas exportacións representan o 68,8% das exportacións galegas, sendo o seu peso relativo no total estatal das exportacións de manufacturas, do 9,1%. Dentro das exportacións do subsector de bens de equipamento (5.303,8 millóns de euros) salienta o comportamento dos materiais de transporte, onde o capítulo 87 (exportacións, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios) representa o 50,2% das exportacións galegas (15,9% das exportacións deste capítulo en España).

No caso das exportacións de **bens de consumo**, que medran un 15,6% respecto ó 2001, salienta a evolución do valor dos produtos téxtiles, que medra un 16,9%. Entre os dez primeiros capítulos exportadores atópanse os capítulos 62 (Prendas e complementos de vestir, agás os de punto) e 61 (Prendas e complementos de vestir, de punto), que supoñen o 5,2% e 2,9% do total das exportacións galegas.

No concernente á **distribución xeográfica das exportacións**, tal e como se amosa no **cadro 1.4.5.**, a UE é, dado o contexto internacional no que nos atopamos, o principal cliente de Galicia. Segundo os datos do ICEX do valor total das exportacións galegas, as exportacións galegas á UE representan o 80,6%, en tanto que as exportacións a América do Norte e América do Sur significan o 2,4% (232 millóns de euros) e 2,0% (190 millóns de euros), respectivamente.

Tal e como reflicte o **cadro C.1.7. (Exportacións 2002: principais capítulos e exportacións cara á Unión Europea, Francia, Portugal e o Mercosur)**, as exportacións galegas ós países da **Unión Europea** están dominadas polo papel das exportacións de produtos do capítulo 87. Estas ascenden a 4.168,7 millóns de euros, o que representa o 54,5% das vendas a esa área económica e un 87,4% das exportacións correspondentes ó devandito capítulo.

No caso das exportacións galegas a

**Francia**, neste país tamén existe un predominio dos produtos do capítulo da automoción (87), que representa o 74,5% do total das exportacións galegas a Francia e o 37,5% do importe total das exportacións do capítulo 87. No caso das exportacións a **Portugal**, salienta a importancia do capítulo 03, que representa o 17,1% do total das exportacións a Portugal no ano 2001. Asemade, representa o 37,5% do total das exportacións galegas pertencentes ó capítulo 03 no ano 2002.

Finalmente, no concernente ás exportacións ós países do **Mercosur**, que representan o 1,2% do total das exportacións galegas no ano 2002, a principal partida exportadora é a correspondente á automoción que representa o 55,4% do total exportado a estes países.

• *Relacións comerciais entre Galicia e o Norte de Portugal*

O incremento da importancia das relacións entre Galicia e o Norte de Portugal reflíctese no crecemento experimentado polos intercambios comerciais entre as dúas rexións. Os datos do **cadro 1.4.6.** reflicten que en 2000 o valor total das exportacións galegas cara ó Norte de Portugal medrou un 11,9% respecto ó ano anterior, ascendendo os 629,9 millóns de euros, en tanto que as importacións aumentaron un 19,6%, acadando un valor de 522,9 millóns de euros. O saldo da balanza comercial galega en 2000 foi de 170,0 millóns de euros, fronte ós 181,9 millóns de euros de 1999.

Atendendo ós produtos importados, o devandito cadro reflicte a importancia do sector téxtil e de confección, que acolle o 39,4% do valor total das importacións galegas, seguido dos produtos agrícolas, gandeiros e da pesca, co 14,5%. Comparado co ano anterior, cómpre salienta-lo incremento do valor total das importacións destes subsectores, cunha medra de 28,7 e 22,1 millóns de euros, respectivamente. En termos relativos, a importación de produtos da industria alimentaria medrou un 106,1% e a de material de transporte, un 43,2%.

Os produtos agrícolas, gandeiros e da pesca son a principal partida exportadora, ó representar o 30,4% das exportacións cara á rexión Norte de

Portugal, seguidos polas exportacións dos produtos do téxtil e da confección, co 13,7%. Comparado co ano 1999, salienta incremento do valor das exportacións experimentado polos sectores de metais e as súas manufacturas, con 19,0 millóns de euros máis (34,7%), téxtil e confección, con 17,3 millóns de euros (22,3%) e produtos agrícolas, gandeiros e da pesca, con 16,1 millóns de euros (8,3%).

**Investimento galego no estranxeiro**

No concernente ós fluxos de investimento da comunidade galega no exterior, o investimento bruto no ano 2002 acadou os 183.633 miles de euros (un 54,4% menos do investido no ano anterior), o que representa o 0,49% do importe total do investimento español. Comparado co resto das CC.AA., Galicia é a novena comunidade que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Cataluña, Asturias, País Vasco, Canarias, a C. Valenciana, Cantabria e Aragón (**cadro 1.4.7.**).

Sectorialmente, e tal e como amosa o **cadro 1.4.8.**, no ano 2002 Galicia concentra a meirande parte do seu investimento no estranxeiro no subsector “comercio”, que representa o 82,5% do total investido. Séguenlle en importancia a “agricultura, gandería, caza, silvicultura”, que acolle o 7,8%.

Especial mención merece o subsector agricultura, gandería, caza silvicultura e pesca, que representa, **cadro 1.4.8.**, o 24,3% do investimento estranxeiro total español no sector primario. O subsector “comercio” representa o 10,6% do total investido en España nesta materia.

No concernente á distribución xeográfica, o **cadro 1.4.9.** amosa a concentración do investimento galego nos países de Latinoamérica e os da UE, que acollen o 41,9% e 36,0%, respectivamente (23,4% e 58,9% no conxunto do Estado).

Entre os países iberoamericanos cómpre salienta-lo investimento en Arxentina e Brasil, con 27,9 e 23,7 millóns de euros (o 15,2% e o 12,9% do total investido por Galicia no exterior), namentres que entre os países de Unión destaca o investimento no Reino Unido e Alemaña, con



**CADRO 1.4.7.**
**Investimentos no exterior das CC.AA. 2001-02**

	2001		2002		02/01
	CA/total		CA/total		
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)	(%)
Andalucía	82.709	0,2	139.527	0,4	68,7
Aragón	497.520	1,2	243.042	0,6	-51,1
Asturias	5.256	0,0	2.042.497	5,5	38760,3
Baleares	289.660	0,7	147.666	0,4	-49,0
Canarias	2.511.702	5,8	827.911	2,2	-67,0
Cantabria	469.361	1,1	325.207	0,9	-30,7
Castela e León	34.024	0,1	46.787	0,1	37,5
Castela-A Mancha	22.074	0,1	648	0,0	-97,1
Cataluña	4.582.759	10,6	2.511.710	6,7	-45,2
C. Valenciana	802.708	1,9	792.310	2,1	-1,3
Extremadura	3.569	0,0	6.207	0,0	73,9
<b>Galicia</b>	<b>402.745</b>	<b>0,9</b>	<b>183.633</b>	<b>0,5</b>	<b>-54,4</b>
Madrid	27.196.539	63,1	28.888.267	77,1	6,2
Murcia	3.406.903	7,9	1.494	0,0	-100,0
Navarra	18.601	0,0	5.654	0,0	-69,6
Pais Vasco	2.747.641	6,4	1.309.398	3,5	-52,3
A Ríoxa	256	0,0	-	0,0	0,0
Ceuta e Melilla	555	0,0	65	0,0	-
<b>Total</b>	<b>43.074.582</b>	<b>100</b>	<b>37.472.023</b>	<b>100</b>	<b>-13,0</b>

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

**CADRO 1.4.8.**
**Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2002: distribución segundo actividade económica**

	Galicia		España		G/E
	(en millóns de €)	(% / total)	(en millóns de €)	(% / total)	(%)
Agricultura, gandería, caza, selvicultura e pesca	14,35	7,81	59,03	0,16	24,3
Produc./Distribuc. enerxía eléctrica, gas e auga	-	-	293,26	0,78	-
Ind. extract., ref. petróleo e tratamento combustibles	-	-	714,28	1,91	-
Alimentación, bebidas e tabaco	0,10	0,05	129,20	0,34	0,1
Ind. téxtil e confección	1,38	0,75	19,02	0,05	7,3
Ind. papel, edición e artes gráficas	-	-	80,34	0,21	-
Ind. química	1,51	0,82	399,75	1,07	0,4
Outras manufacturas	0,80	0,44	2.397,99	6,40	0,0
Construcción	-	-	808,65	2,16	-
Comercio	151,45	82,47	1.427,31	3,81	10,6
Hostelería	-	-	735,44	1,96	-
Transporte e comunicacións	0,64	0,35	2.096,55	5,59	0,0
Intermediación financeira, banca e seguro	8,06	4,39	2.204,86	5,88	0,4
Actividades inmobiliarias e servicios	0,58	0,32	1.191,94	3,18	0,0
Xestión de sociedades e tenencia de valores	4,76	2,59	24.856,65	66,33	0,0
Holding e Outros	0,01	0,01	57,77	0,15	0,0
<b>Total</b>	<b>183,64</b>	<b>100</b>	<b>37.472,04</b>	<b>100</b>	<b>0,5</b>

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

**CADRO 1.4.9.**
**Investimentos directos no exterior das CC.AA. 2002 (1): distribución segundo áreas económicas de destino**

	OCDE	UE	EE.UU.	Latinoamérica	Total (1)
	(en miles de €)				
Andalucía	135.729,60	7.128,60	2.283,51	989,10	139.526,76
Aragón	226.374,13	226.037,21	336,93	1.744,53	243.042,11
Asturias	2.042.247,53	8.043,60	-	249,54	2.042.497,08
Baleares	94.613,57	28.276,54	66.233,55	53.041,19	147.665,56
Canarias	806.979,59	618.242,62	-	4.109,82	827.910,88
Cantabria	78.304,25	15.990,36	62.313,90	245.163,82	325.206,73
Castela e León	41.081,31	39.123,41	1.546,19	1.629,34	46.787,00
Castela-A Mancha	57,90	-	57,90	233,45	648,38
Cataluña	1.866.309,85	1.085.864,14	348.819,09	402.474,98	2.511.709,55
Comunidade Valenciana	774.839,68	753.107,86	17.318,78	12.180,91	792.309,76
Extremadura	6,00	6,00	-	6.200,79	6.206,79
<b>Galicia</b>	<b>101.996,00</b>	<b>66.175,95</b>	<b>10.360,36</b>	<b>76.894,97</b>	<b>183.633,42</b>
Madrid	21.431.806,48	19.155.130,44	410.437,64	7.082.032,00	28.888.267,19
Murcia	247,76	247,76	-	154,65	1.493,59
Navarra	677,40	517,77	159,63	3.275,54	5.653,70
Pais Vasco	332.866,55	70.912,86	261.953,69	887.740,41	1.309.397,72
A Ríoxa	-	-	-	-	-
Ceuta e Melilla	-	-	-	49,24	64,76
<b>Total</b>	<b>27.934.137,62</b>	<b>22.074.805,13</b>	<b>1.181.821,18</b>	<b>8.778.164,27</b>	<b>37.472.020,96</b>

(1) o total inclúe ademais o resto de investimentos fóra desas áreas xeográficas concretas

Fonte: *Registro de Inversiones Españolas en el Exterior*

Resumo das actividades do Plan FOEXGA 2002

Accións	Total	Aportacións Xunta	Aportacións empresas	Aportacións Cámaras
		(en €)		
Misións comerciais directas	41	1.062.749,57	446.381,67	337.287,58
Faixas internacionais	30	922.213,58	324.118,15	374.581,17
Outras accións	36	267.562,78	163.680,66	-
Misións comerciais inversas	9	112.659,87	64.905,24	-
Misións de estudos	2	50.867,54	21.035,74	17.592,16
Bolseiros no exterior	20	378.284,90	189.142,39	-
Promocións de turismo	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>138</b>	<b>2.794.338,24</b>	<b>1.209.263,85</b>	<b>729.460,91</b>
				<b>855.613,48</b>

Fonte: Dirección Xeral de Comercio e Consumo

17,6 millóns de euros e 28,7 millóns de euros (o 9,6 e o 15,6%, respectivamente).

## Plan de Fomento das Exportacións Galegas

O Plan Foexga constitúe un dos instrumentos ó servizo da internacionalización das empresas galegas, realizando no ano 2002 un total de 138 accións, cun investimento de 2.794,3 miles de euros (un 13,9% máis que no ano anterior). Deste investimento, a Xunta de Galicia aportou 1.209,3 miles de euros (o 43,3% do total investido), as cámaras 855,6 miles de euros (o 30,6%) e as empresas un total de 729,5 miles de euros (o 26,1%). O maior gasto correspondeu ás misións comerciais directas e ás ferias internacionais, que acollen o 71,0% do total investido.

Como reflicte o **cadro 1.4.10.**, das 138 accións desenvolvidas no ano 2002, cómpre salienta-las accións relativas ás misións comerciais directas e ás ferias internacionais. No primeiro caso, nas 41 misións comerciais realizadas investíronse un total de 1.062,7 miles de euros, dos que a Xunta de Galicia aportou o 42,0%, fronte ó 31,7% das empresas e ó 26,3% das Cámaras de Comercio.

No concernente ás ferias internacionais, o número de realizacións ascendeu a 30, cun investimento global de 992,2 miles de euros. A aportación máis importante corresponde ás empresas, co 40,6%, seguidas pola Xunta, co 35,1%, e as Cámaras, co 24,3%. ■